

Dende el Pico de Faro



↓ Manuel García-Galano

Nel Pico de Faro, que dá nome al grupo de teatro d'aficionados da Roda y sirve de punto d'enfilación a os marineiros de Tapia pra marcar el sito unde fondían as redes, hai úa capiya dedicada á Virxen das Neves, que nun é úa Virxen milagreira como a de Villouril ou a dos Romedios de Porcía, y alrededor d'ela nun colgan, como naquelas, exvotos mostra dos testimonios de romeiros agradecidos; pro, así y todo, a xente da Roda sinte úa tradicional y fonda devoción por ela y así lo demostraron hai us meses condo, en solemne porcesión dende a igrexa del Monte, se levóu al sou novo altar a imaxen que durante tantos anos tuvera recoyida por mor del deterioro qu'el tempo y as queimas deixaran na pequena capiya que corona el pico.

Hai que chufar, y fágolo con gusto, a búa obra de restauración del pequeno santuario feita por iniciativa y a espensas dos vecíos da parroquia, con axudas importantes del Conceyo, del qu'os sous reutores acudiron á inauguración el día da festa xunto cos del Principado, sumándose d'ese xeito á satisfacción del vecindario y alrededores que, de forma masiva, chegouse alí a celebrar el acontecemento.

El Pico de Faro sempre suscitóu en min vivencias, recordos das muitas veces que —sendo neno— te-

ño subido a aquel porondeiro que tanto nos chamaaba a os rapacíos da Roda. Dende alí enriba temos visto erguerse y pousarse a os pequenos avioncíos que condo a guerra civil había nel campo d'aviación de Xarrio (¡qué miyor destino ten agora aquel sito!); tirábamos pedras a quén máis lonxe; outiábamos nños de pega ou de corvo nos pinales d'alredor, y siguíamos cos oyo, de vez en condo, aquel camión de trasportes chamado *el Vitoria* mentras subía ou baxaba as Galerías de Porcía, ou algún vapor qu'entraba na Ría de Ribadeo.

Por eso tía eu ganas de volver a subir aló, a aquel sito que me tría tantos recordos (nun sei cóntas veces diría que "*del brao que vén nun pasa*"); pro entre qu'os carreiros fóranse cubrindo de brexas y toxos y que mentras qu'os anos van a máis as forzas fainlo al rové, el tempo andaba y, anque as mías ilusiós siguían en pé como si tal cousa, nun topaba el xeito de poder satisfacelas. Así m'alegróu tanto a posibilidade que se nos brindóu a todòs cua restauración da capiya y a abridura de novos camiós pra poder chegar al *Pico* sin problema ningún.

Nun sei el tempo que tuven alí el primeiro día que fun. Nun sei cónto miréi y remiréi prá costa dende A Estaca de Vares a Ortigueira, ou, volvendo a cabeza, pra os pueblíos situados hacia el sur; hasta me



A Marina dende El Monte

tocóu ver úa panorámica que nun tía na retina: el tren aparecendo na Peruyeira y escondéndose na Pasadía; y reparéi cómo Tol y Brul, antes sumidos polos pinos, hoi tñ rodidos d'outro verde: el das pradeirías ás qu'aquelos foron deixando sito; y volvínmme

nenno nel pensamento y vin cárbos na Pena Curuxeira y níos de pega nas Fontás; y hasta se me re-nembróu qu'escuitaba outra vez as leucióis que don Florentino —aquel bon maestro que tuvemos— nos daba condo algúa tarde de bon tempo nos sacaba "d'escursión" ás fraldas de Faro.

Volvo a dicir que nun sei cón-to, pro muito tempo tuven alí enriba, y el que taría si nun m'escorre-se el nordés, que nun tuvo ningún dolo de min. Antes de baxar inda miréi pra os tractores qu'había na Senra das Lleiras, en Villargumil, nel Caviyón... y pras piadas de vacas leiteiras pacendo soltas nos pastóis, mentras qu'us obreiros tiraban pinos en Camba con úa serra mecánica —non con tronizador—, y un avión deixaba nel cielo un ca-reiro de fumo branco.

Xa de volta, meditéi en que pasaran máis de sesenta anos den-dé que, de neno, subía alí a miudo. Y en sesenta anos cambían muitas cousas. Muchas, menos el paisaxe. 🌊



Caplixa dedicada á Virxen das Neves nel Pico de Faro